



MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2012

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2012 o seu decimo noveno ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas aos estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenvolvemento cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para invertir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. Tras analizar, previa consulta coa asesoría xurídica e financeira coa que traballamos, e debido á situación de crise financeira mundial, o Padroado tomou o acordo de manter dividido en tres partes este capital e destinalo a un fondo na entidade Baninver, S.A., Sociedad Gestora de Carteras, radicada en Vigo, outra parte no Grupo Vitalicio e a última a un depósito da entidade Banesto, co fin de garantir o capital social en caso de que houbera problemas de solvencia ou doutro tipo nas entidades financeiras coas que traballamos.

A decisión do Padroado sobre a xestión do noso capital veu a aliviar a situación económica da nosa entidade. Coa nova xestión do capital, a FUNDACIÓN NOVAS pudo afrontar máis proxectos.

Por outra parte, o Padroado da Fundación tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 400 euros ao Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural das Letras Galegas, que todo-os anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

O Padroado da Fundación Novas tomou tamén o acordo de aportar unha axuda ao Club Náutico de Beluso para pagar a matrícula de



escolares do concello de Bueu nas clases de vela lixeira que o clube organiza ao longo dos meses de verán.

Tamén no eido deportivo, a FUNDACION NOVAS aportou una axuda de 1.000 euros a Escola de Fútbol Base do clube Beluso, co obxectivo de axudar na equipación e xestión desta escola na que participan ducias de rapaces da parroquia de Beluso, recibindo o agradecemento da directiva e pais e nais dos futbolistas pola doación.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder 500 euros á organización do Festival de Curtametraxes de Bueu. Estes cartos premian á mellor curtametraxe galega presentada a este concurso internacional de cine.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Vocal: D. José Otero Baena

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2012 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado